



CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

PROMOCIÓN NA ESO

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo:

- á consecución dos obxectivos,
- ao grao de adquisición das competencias establecidas e
- á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno,
- e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña **avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Segundo o establecido no CAPÍTULO IV de "Avaliación, promoción e titulación", no artigo 25 sobre "promoción" no Decreto 156/2022, realízanse as seguintes concrecións:

Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, **con tres materias suspensas**, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.



b) Que a suma das dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

A valoración das condicións c), d) e e) realizarase por votación do equipo docente na xunta de avaliación. Todas as condicións deberanse considerar favorables por maioría simple.

Respecto á votación seguiranse os seguintes criterios:

- 1) Votación de todos os membros que imparten docencia directa.
- 2) Cada materia, que se imparte no curso con docencia directa, equivale a un voto (as materias pendentes de cursos anteriores non se consideran de docencia directa).
- 3) No caso de empate, o voto sería a favor do alumno/a.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica acorda que a **partir de catro materias suspensas** non se cumpran os criterios c) d) e e) polo que non promocionará o alumnado nestas circunstancias, agás situación excepcional previa e debidamente xustificada.

TÍTULO DE GRADUADO EN ESO

Segundo o establecido no CAPÍTULO IV de "Avaliación, promoción e titulación", no Artigo 26. "Título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria", establécense as seguintes concrecións:

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa (4º da ESO) e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna/o, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da



etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en ESO o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dun alumno/a sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise todas as competencias establecidas no perfil de saída.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Segundo o establecido no artigo 26 do Decreto 156/2022, para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduado en ESO será único e expedirase sen cualificación.
4. As alumnas/os recibirán, ao concluíren a súa escolarización na ESO, unha certificación oficial na que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.
5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de ESO, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, tendo en conta a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.